



Concello de Cangas



CIRCULAR INFORMATIVA

A dirección da Escola de Música “Mestre Inocentes Camaño” informa dos seguintes puntos de interese de cara ao final de curso:

1.-Remate das clases: O derradeiro día de docencia para o alumnado de **Escola de Música é o 31 de maio.**

Desde esa data e ata o remate do curso establecerase un calendario de ensaios para a preparación dos concertos de fin de curso.

2.-Entrega de informes finais e sobres de matrícula: A entrega dos informes académicos finais e dos diplomas do alumnado de **Escola de Música será o día 2 de xuño.** Este mesmo día se poderán recoller os sobres para formalización de matrículas para o curso 23-24.

3.- Probas de acceso ao conservatorio: As probas de acceso a **1º curso de grao profesional serán os días 22 e 23 de maio.** O prazo de inscrición será do 16 ao 19 de maio (ámbolos dous incluídos).

As probas de acceso a **1º de grao elemental serán o día 2 de xuño.** O prazo de inscrición será do 29 de maio ao 1 de xuño (ámbolos dous incluídos)

As probas de acceso a **cursos distintos de 1º serán o día 12 de xuño.** O prazo de inscrición será **9 de xuño.**

4.-Matrícula para o curso 2023-2024: O prazo de matrícula para o **alumnado da escola de música será do 5 ao 9 de xuño.**

5.-Prazas de novo ingreso da Escola de Música: O prazo de **solicitudes de novo ingreso para a escola de música será do 5 ao 20 de xuño.** O alumnado de música e movemento de 7 anos que opte por seguir estudos en réxime de escola de música terá que solicitar nestas datas a praza para linguaxe musical e instrumento.

O sorteo de prazas da escola de música será o día **22 de xuño.**

A **matrícula** do alumnado de novo ingreso comezará o **día 28 de xuño**

6.-Concertos fin de curso: serán os días 16 e 21 de xuño.

Debido a gran cantidade de cambios e información, cada un dos puntos será desenrolado en circulares posteriores.